



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas e do 35 aniversario da creación da Escola.

CONVOCATORIA: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas e do 35 aniversario da creación da Escola.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Lingua galega

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	3
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 13/05/2022 - 08:00h ao 19/05/2022 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

AMPLIADO O PRAZO DE INSCRICIÓN ATA AS 14:00 HORAS DO DIA 19 DE MAIO !!

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2022 ao poeta Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987). A Escola Galega de Administración Pública, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste insigne escritor en lingua galega.

Doutra banda, este ano cúmprense trinta e cinco anos da aprobación da Lei 4/1987, do 27 de maio, que crea a Escola Galega de Administración Pública como organismo autónomo encargado da formación e capacitación do persoal empregado público, da investigación e divulgación de todas aquelas materias de interese para o persoal ao servizo das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como da difusión e normalización do idioma galego na Administración pública.

Os actos conmemorativos destas dúas efemérides coincidentes no mes de maio, o 35º aniversario da creación da EGAP e o Día das Letras Galegas, consistirán na celebración dun acto literario, así como nunha viaxe de interese cultural.

DESTINATARIOS

No acto literario e conmemorativo poderá participar calquera persoa interesada ata completar a capacidade.

Á viaxe cultural terá acceso só o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

O día 20 de maio, ás 12.00 horas, no salón de actos da EGAP, terá lugar un acto literario e conmemorativo. Na homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán participarán Luisa Castro Legazpi, escritora e directora do Instituto Cervantes en Nápoles, e Xosé Carlos Caneiro, escritor e columnista de La Voz de Galicia, e terá lugar unha interpretación musical a cargo de Emilio Rúa. Así mesmo, no acto levaranse a cabo diversas actividades de conmemoración do 35º aniversario da EGAP.

O día 21 de maio realizarase unha viaxe de interese cultural polos escenarios onde transcorreu boa parte da vida de Florencio Delgado Gurriarán.

O programa completo das dúas actividades, así como o percorrido da viaxe cultural, poderanse consultar na páxina web da EGAP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir ao acto conmemorativo. A selección das persoas participantes na viaxe cultural realizarase tendo en conta a data e a hora de recepción do correo electrónico.

Na epígrafe desta actividade da páxina web da EGAP publicarase a listaxe de persoas seleccionadas, así como tamén un número adecuado de reservas no caso de que o número de solicitudes recibidas sexa superior ao número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas interesadas en participar no acto literario deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP na que terán que seleccionar as seguintes opcións:

ÁREA: Lingua galega.

NOME DO CURSO: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas...

O prazo de inscrición estará aberto dende o día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia ata as 23.00 horas do día 18 de maio de 2022.

Unha vez formalizada a inscrición para o acto literario as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no que indiquen o seu nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 20/05/2022 a 20/05/2022

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Conmar cultura S.L.

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 20 de maio de 12:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA